

España

Celebrouse en Madrid a 1^a. Mostra de Formación Profesional e a 32^a. Olimpíada Nacional na que Galicia acadou oito medallas



Os dous actos tiveron lugar o pasado mes de abril e foron organizados polo Ministerio de Educación, en colaboración con todas as comunidades autónomas. A mostra brindou información, asesoramento e orientación sobre as diferentes posibilidades que ofrece a formación profesional. No evento estaban representadas todas as familias profesionais noutros tantos expositores e Galicia participaba co dedicado a Actividade Marítimo-pesqueira. O día en que se abría ao público, o ministro de Educación comprometeuse a "promover un grande acordo con todos os partidos políticos e axentes sociais para mellorar a formación profesional e impulsar un cambio cultural na forma de valorala".

Detrás desta proposta agóchanse varias ideas. Por un lado, está o convencemento de que a educación pode contribuír a superar a actual situación económica. Por outro, espérase reducir o abandono escolar prematuro e animar os mozos a seguir formándose ao rematar os estudos obligatorios. E, por último, hai unha intención clara de incentivar un cambio de pensamento nos empresarios para aumentar a demanda de mozos cualificados.

Ao tempo que se desenvolvía esta exposición, transcorría a 32.^a edición da Olimpíada Nacional de Formación Profesional na que participaban 160 alumnos e alumnas de toda España, 50 xefes de equipo e 120 expertos que actuaban como membros dos diferentes xurados. As Olimpíadas de Formación Profesional están promovidas pola organización internacional WorldSkills, que conta con 52 países asociados e ten como obxectivo o impulso das competencias asociadas á FP. Os participantes competiron en probas prácticas nas que debían demostrar que son os más cualificados en tarefas relacionadas coas súas futuras profesións. Este ano celebráronse competicións en 14 especialidades: Mercatrónica, Carrocería, Deseño web, Instalacións Eléctricas, Control Industrial, Ebanistaría, Carpintaría, Perruquería, Estética, Tecnoloxía do Automóbil e Soporte de Rede. Logo de verificar as habilidades dos participantes, resultaron galardoados con Medalla de Ouro 24 alumnos de 18 especialidades. Os gañadores da Olimpíada de FP en cada unha das especialidades representarán a España na Competición Internacional Worldskills 2009, que se celebrará do 1 ao 7 de setembro en Calgary (Canadá). Por outra parte, os subcampións representarán a España na competición Euroskills 2010 que terá lugar en Lisboa (Portugal).

O alumnado galego premiado nesta olimpíada é o seguinte:

En Demostración de Vehículo Industrial, Medalla de Ouro para Alba Pardo Fernández e María del Carmen Alderregua Prado; en Ebanistaría, Medalla de Bronce para José Eladio Tilve García; en Tecnoloxía da Moda, Galicia conseguiu as tres medallas: Ouro para Irene Márquez Fernández, Prata para Sara Suevia Barral Naviera, e Bronce para Sandra Rey Novo; en Perruquería, Ouro para Sabela Garrido Comesña; en Deseño web, medalla de Bronce para Carlos Serramito Calvo e en Carrocería, Ouro para Rubén Pico Meizoso.

O número de mulleres que estudan ciclos superiores de formación profesional xa supera o de homes

Na actualidade hai máis mulleres que homes estudiando FP de grao superior (en total representan o 50'7%). Non obstante, na FP de grao medio, hai máis mozos (53'1%) que mozas (46'9%). As diferenzas son moi notables nalgúns das familias profesionais. Sanidade, Servizos Socio-culturais, Imaxe Persoal, Téxtil e Confección, Hostalaría e Turismo e Administración, son as que rexistran maior número de alumnas. Os rapaces teñen preferencia por especialidades, como Informática, Actividades Físicas e Deportivas, Electricidade e Electrónica, Fabricación Mecánica, e Actividades Marítimo-pesqueiras.

En 1995 só remataban a formación profesional de grao superior un 2% dos mozos en idade de graduarse, cifra moi inferior á media europea que se situaba no 8%. No ano 2006 a taxa de graduación atinxiu o 15%, o que nos situou por riba, tanto da media da Unión Europea (8%) como da OCDE (9%). Non ocorre o mesmo coa graduación en formación profesional de grao medio, que segue lonxe da media da UE. En 2006 graduáronse o 35% dos mozos en idade de facelo, cando a media da OCDE é do 45% e a da UE do 51% (Fonte: MEC).

O Goberno de España prepara unha nova normativa que regulamentará a acreditación da experiencia laboral

O obxectivo desta norma, que elaboran concxuntamente os Ministerios de Educación e de Traballo, é fomentar o emprego na área de educación de nenos e nenas de 0 a 3 anos e na de persoas dependentes, concedéndolle un título a colectivos, prioritariamente mulleres, que teñen experiencia e competencia profesional nestes eidos.

Para a súa tramitación preséntanse tres vías: por unha parte, os maiores de 20 anos deberán disponer de tres anos de experiencia laboral, áinda que para conseguir o nivel I Cualificación, regulado pola Unión Europea, só será necesario ter os 18. A segunda vía consiste en acreditar 300 horas de cursos de formación no campo da ensinanza non formal, que se traducirían en créditos de FP para as denominadas unidades de competencia. Con carácter extraordinario, os maiores de 25 anos que non cumplan os requisitos anteriores tamén terán a posibilidade de xustificar as actividades que realizaron. Esta vía vai dirixida especialmente ás mulleres, amás de casa, que coidaron nenos, anciáns e persoas dependentes, e podería validarse con módulos profesionais das familias de Hostalaría e Turismo, Atención Sociosanitaria ou Educación Infantil.

Os alumnos de ensinanzas artísticas superiores poderán estudar másters o mesmo que os universitarios

A finalidade da norma é integrar estas ensinanzas no Espazo Europeo de Educación Superior. Para fomentar desde o próximo curso a mobilidade internacional dos estudiantes de ensinanzas artísticas superiores e os dos ciclos formativos de grao superior de Artes plásticas e Deseño, creárase unha unidade de información e apoio específico que fomente as bolsas Erasmus entre estos estudiantes, en colaboración co Organismo Autónomo de Programas Europeos (OAPEE) e unha Comisión Permanente de Coordinación no seo da Conferencia Sectorial de Educación.

O proxecto de Real decreto incorpora, así mesmo, as ensinanzas artísticas ao Sistema europeo de recoñecemento, transferencia e acumulación de créditos ECTS (European Credit Transfer System), utilizándoo como unidade de medida que reflecta os resultados da aprendizaxe e o volume de traballo realizado polos estudiantes para acadar os obxectivos establecidos nos plans de estudio.

Tamén, e co fin de impulsar esta mobilidade internacional, o documento regula a expedición do Suplemento Europeo ao Título, que contén a información unificada e personalizada para cada titulado sobre os estudos cursados, os resultados obtidos e o nivel da titulación no Sistema Nacional de Educación Superior.

